



CONCELLO DE A CORUÑA

PORTADA NORMALIZADA DE DOCUMENTO ELECTRÓNICO

TIPO DE DOCUMENTO ELECTRÓNICO		CODIGO DE VERIFICACIÓN SEGURA	
COPIA ELECTRÓNICA AUTÉNTICA DE DOCUMENTO PAPEL (Ley 39/2015 Art. 16.5 y 27) <small>Esta portada no forma parte del documento original en papel</small>		 2F5N 6Q0M 6K23 0I5M 16SP	
METADATOS (TEXTO)			
Identificador	RMPE140D3X		
Número/Año	16989/2020		
Dependencia Captura	REGISTRO MARIA PITA		
Usuario Captura/Compulsa	MEMV		
Interesado Principal	GRUPO MUNICIPAL DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO		
Representante			
Descripción	Solicitud general		
Páginas	6 (excluyendo esta portada)		
Fecha Documento			
Fecha Registro	29/05/2020 10:01:20		
Fecha Captura	29/05/2020 10:03		
Valor CSV	2F5N 6Q0M 6K23 0I5M 16SP		
Tipo de Firma	PADES LONG TERM		
Estado de Elaboración	Copia electrónica auténtica de documento papel (Ley 39/2015 Art.16.5 y 27)		
AVISO LEGAL		FIRMA DIGITAL (HUELLA)	
<p>Este documento electrónico ha sido generado mediante captura y compulsa electrónica por la autoridad competente, resultando una copia electrónica auténtica de documento en papel conforme los artículos 16.5 y 27 de la ley 39/2015, de 1 de octubre, del Procedimiento Administrativo Común de las Administraciones Públicas, el Esquema Nacional de Interoperabilidad y las Normas Técnicas de Interoperabilidad, siendo custodiado en el sistema de información corporativo de conformidad con el Esquema Nacional de Seguridad y teniendo la misma validez y eficacia que los documentos originales. Se puede verificar este documento en la sede electrónica del Ayuntamiento de Coruña.</p>			

O Grupo Municipal do **Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa do seu Portavoz Francisco Xesús Jorquera Caselas, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta a seguinte **MOCIÓN sobre medidas para o sector do mar**

Exposición de motivos

O estado de alarma decretado o pasado 14 de marzo pola crise da Covid-19 causou gravísimos problemas ao sector do mar. Así o peche dos establecementos de restauración e hostalería reduciu drasticamente as vendas e ao mesmo tempo produciu unha caída dos prezos. As actividades que teñen como destino fundamental do produto o sector da restauración, víronse claramente afectadas, repercutindo nunha falta de demanda nas lonxas que provocou que o produto tivese que ser devolto ao mar ou, no mellor dos supostos, malvendido pola escaseza de mercadores.

A maiores disto, están as dificultades que pon de manifesto o sector para poder realizar de xeito seguro a actividade extractiva, garantindo as condicións de seguridade e saúde, toda vez que se realiza de xeito colectivo a escasa distancia (desprazamentos, puntos de control, clasificación, venda en lonxa,...). As reducidas dimensións de moitas embarcacións dificultan tamén que os tripulantes poidan manter medidas de protección e seguridade.

A pesca é un importante motor económico da nosa cidade e á mesma hai que sumar o impacto que esta situación ten no marisqueo, un sector que da emprego a máis de 6.000 persoas en Galiza, a maioría delas cunhas rendas baixas, sen remanentes económicos, polo que lles é practicamente imposíbel, sen ingresos, afrontar pagos como as cotas á Seguridade Social, e menos atender os gastos das súas necesidades básicas.

A Xunta de Galiza segue a manter as competencias para regular o sector, toda vez que no artigo 6 do Real Decreto 463/2020, que establece o estado de alarma, di que: *"cada Administración conservará as competencias que lle outorga a lexislación vixente na xestión ordinaria dos seus servizos para adoptar as medidas que estime necesarias."*

No Real Decreto 465/2020 de 17 de marzo, que modifica o anterior, engádese o seguinte: *"en calquera caso, suspenderase a actividade de calquera establecemento que, a xuízo da autoridade competente, poida supor un risco de contaxio polas condicións nas que se estea desenvolvendo."*

A maiores, a Lei 11/2008 de Pesca de Galicia, no artigo 7.2 h) di que se pode adoptar a seguinte medida: *"establecemento de vedas temporais ou zonais para determinadas especies así como os fondos autorizados."*

Pese a isto, a Xunta de Galiza optou por non decretar o peche destes sectores, como ten feito, por exemplo, o Principado de Asturias (*Resolución de 17 de marzo de 2020, de la Consejería de Desarrollo Rural, Agroganadería y Pesca, por la que se adoptan medidas en relación con la extracción del percebe y el marisqueo a pie en general*), nin se dirixiu ao Goberno español solicitando a paralización en base aos argumentos expostos.

Polo tanto, é fundamental que a Xunta de Galiza impulse medidas para facer fronte ás consecuencias socioeconómicas desta crise e que adopte, tamén, as medidas necesarias para garantir a protección das e dos traballadores e traballadoras do sector do mar.

Por outra banda, a extracción de mexilla en zonas de explotación do percebe é motivo de conflito entre bateiros/as e percebeiros/as.

O percebe e a cría de mexillón son dúas especies que conviven no mesmo hábitat. O conflito xorde ao coincidir en determinadas zonas as autorizacións para a extracción da mexilla cos plans de explotación do percebe.

Esta situación ten consecuencias económicas, mais tamén sociais e de convivencia, polo que non é entendíbel que neste contexto de grave desencontro entre os dous sectores, a Consellaría do Mar non actuase até que o problema foi público e estivo no foco dos medios de comunicación.

No caso concreto da Coruña, dáse ademais a circunstancia de que se está procedendo á extracción de mexilla en zonas como as Illas de San Pedro e o entorno da Torre de Hércules, declaradas Espazos Naturais de Interese Local.

Consideramos imprescindible que a Consellaría asuma as súas responsabilidades. Para iso é preciso que faga un labor de mediación, establecendo as condicións para que se leve a cabo o diálogo entre as partes en conflito.

Porén, as responsabilidades da Xunta de Galiza van alén do labor de mediación e as solucións que se artellen teñen que ser a longo prazo e non acordos puntuais, como ao que se acaba de chegar, e sobre todo exercer a vixilancia e control que lle corresponde na explotación dos recursos mariños. A Xunta de Galiza ten que establecer un modelo de aproveitamento de cría de mexillón, que delimite a época, forma e zonas nas que se pode proceder á súa extracción sen poñer en risco o percebe así como outras especies do mesmo hábitat.

No caso concreto da Coruña é necesario, ademais, que a Xunta de Galiza e o Goberno Municipal adopten as medidas oportunas para que o aproveitamento económico dos recursos das zonas declaradas Espazos Naturais de Interese Local non ameace a sustentabilidade dos recursos e a biodiversidade.


Por todo o devandito o **Pleno do Concello** adopta os **seguintes**:

Acordos

- 1.- Demandar da Xunta de Galiza o impulso de medidas para facer fronte ás consecuencias socioeconómicas da crise do Covid19 no sector do mar e a adopción das medidas necesarias para garantir a protección dos traballadores e das traballadoras deste sector.**
- 2.- Demandar da Xunta de Galiza a posta en marcha de axudas para garantir a actividade das confrarías.**
- 3.- Instar ao Goberno Municipal a solicitar que a Xunta de Galiza reclame as modificacións que sexan necesarias para axilizar o uso dos fondos que veñen da Unión Europea, incluída a demanda de fondos FEMP (Fondo Europeo Marítimo e da Pesca), para que as persoas afectadas poidan percibir axudas que lle permitan sobrevivir e garantir a plena salvagarda dos dereitos dos profesionais do mar de Galiza.**
- 5.- Instar ao Goberno Municipal a demandar da Xunta de Galiza que exerza un labor de mediación no conflito entre bateiros/as e percebeiros/as e a establecer un modelo de aproveitamento de cría de mexillón, que delimite a época, forma e zonas nas que se pode proceder a súa extracción sen poñer en risco o percebe –e outras especies coas que comparte**

hábitat- e a vixiar e controlar de maneira axeitada a explotación dos recursos mariños.

6.- Instar ao Goberno Municipal e a Xunta de Galiza a adoptar as medidas oportunas para que o aproveitamento económico dos recursos das zonas declaradas Espazos Naturais de Interese Local non ameace a sustentabilidade dos recursos e a biodiversidade.



A Coruña, 29 de maio 2020

Francisco Xesús Jorquera Caselas
Portavoz do Grupo Municipal do BNG

Á ALCALDESA-PRESIDENTA DO CONCELLO DA CORUÑA